

# IT Foundations Reloaded: Do Posto de Traballo á Nube Híbrida con CompTIA

## Descrición

Este seminario percorre a cadea completa da infraestrutura actual, do hardware do posto de traballo ata os servizos despregados na nube. Aliñado co marco de competencias de CompTIA, os participantes traballarán un método de diagnóstico reproducíble e os criterios de custo, rendemento e dispoñibilidade que deciden que queda en local e que lévase á nube.

## Perfil do docente

O relator da xornada será **Esteban Vázquez Ferreiro**: Profesional con máis de 20 anos de experiencia no sector IT, compaxina a dirección de proxectos tecnolóxicos coa formación técnica especializada. É enxeñeiro técnico en Informática de Sistemas e Máster en Dirección de Proxectos, ambos por a Universidade de Santiago de Compostela.

Na súa faceta de formador estivo sempre ligado á súa experiencia profesional: a docencia vai unida a proxectos reais e a decisións que hai que poder xustificar, medir e soste ante terceiros. Entre as empresas e organismos aos que asesorou ou formou atópanse o Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG), a Xunta de Galicia, o SEPE, INDRA, o Centro de Supercomputación de Barcelona, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Sevilla, TRAGSA, Balidea, Opentrends, Hiberus, o Centro de Tecnoloxías Avanzadas de Aragón (CTA), Tecnocom, PSA Citroën, FINSA, AMFEAFIP e Grupo SM.

O seu enfoque pedagóxico prioriza o criterio sobre a memorización: que o alumnado entenda non só como se usa unha tecnoloxía, senón por que cada decisión técnica ten sentido no contexto de unha organización real e como se defende cando alguén a audita.

|                           |                         |
|---------------------------|-------------------------|
| <b>PROGRAMA</b>           | Programación 2026/27    |
| <b>TIPO</b>               | SEMINARIO               |
| <b>PERIODO INSCRICIÓN</b> | 01/11/2026 - 02/12/2026 |
| <b>Nº PRAZAS</b>          | 232                     |



|                          |                                                               |
|--------------------------|---------------------------------------------------------------|
| <b>METODOLOXÍA</b>       | Presencial                                                    |
| <b>DURACIÓN</b>          | 4 horas                                                       |
| <b>DATA INICIO</b>       | 02/12/2026                                                    |
| <b>DATA FIN</b>          | 02/12/2026                                                    |
| <b>HORARIO</b>           | Horario de 16:30 a 20:30 horas.                               |
| <b>LUGAR DE DOCENCIA</b> | Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en |
| <b>PERIODO DOCENCIA</b>  | 02/12/2026 - 02/12/2026                                       |

## Temario

1. Panorama da infraestrutura TI: que cambiou e que segue igual
2. Diagnóstico metódico: illar o fallo antes de tocar nada
3. Do servidor físico ao hipervisor: fundamentos de virtualización
4. Modelos de servizo e despregamento: custo, rendemento e alta dispoñibilidade
5. Criterios de decisión local fronte a nube e roteiro de certificación CompTIA